

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS QUE REXERÁN O CONTRATO DE SERVIZOS PARA A ORGANIZACION E EXPLOTACIÓN DAS FESTAS PATRONAIS DO EXCMO. CONCELLO DE MONFORTE DO ANO 2014

1.-OBJECTO DO SERVIZO.

O obxecto do presente contrato é a contratación das actuacións dos espectáculos musicais que se celebrarán durante os días 13, 15 e 16 de agosto de 2014 (ambos incluídos) no Campo da Compañía do Concello de Monforte de Lemos, co gallo da celebración das Festas Patronais pretendéndose a contratación dunha empresa que se encargue de organizar as mesmas de acordo coas directrices establecidas polo concello neste prego e no correspondente prego de cláusulas administrativas.

Dentro do obxecto do contrato inclúese toda a infraestrutura para a realización de cada un dos espectáculos programados (excepción feito do valado e dos xeradores de luz), tales como equipos de luz e son, escenarios, catering, aloxamentos, maquinaria e/ou portes e traslados, etc. Todo este material será instalado e desmontado no lugar que indique a Concellaría de Cultura, a costa do contratista e con seus propios medios, coa antelación requirida para cada actividade ou espectáculo, sen responsabilidade por parte do Concello.

2.-DESCRIPCIÓN DOS SERVIZOS.

Será obxecto do contrato a organización, produción e realización por parte do contratista dos diferentes espectáculos (orquestras e concertos) que se celebren con motivo das festas patronais durante os días 13, 15 e 16 de agosto do 2014.

3.- AUTORIZACIÓNS

O contratista estará obrigado a solicitar ou subscribir as autorizacións administrativas preceptivas para a prestación do servizo.

4.- REQUISITOS XERAIS DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN E SON

As instalacións deberán estar debidamente homologadas. O son e a iluminación deberán ser suficientes para dar cobertura ao posible público asistente.

5.- OBRIGACIÓNS E DEREITOS DO CONTRATISTA.

5.1.-OBRIGACIÓNS DO CONTRATISTA.

1.- O Promotor Musical, que resulte adxudicatario do presente contrato, comprometerase a organizar, baixo a súa responsabilidade e durante as datas e horarios (estes últimos previo acordo adoptado ao respecto co Concello), as actuacións musicais advertindo con suficiente antelación das necesidades de modificación dalgunha das actuacións ou actividades programadas, debido só a casos de forza maior non imputables ao contratista, e que deberán de ser constatados pola Concellaría de Cultura.

2.- Para o caso de que por circunstancias excepcionais non poida realizar a actuación contratada, o adxudicatario porá a disposición do Concello documento xustificativo desta circunstancia avalado e asinado polo representante do artista e propondrá, polo menos tres grupos de igual caché, entre os cales o Concello elixirá o substituto.

3.- En todo caso, os servizos non prestados levarán, ademais da multa, o desconto correspondente. No caso de que o Concello aceptase a substitución dunha actuación por outra de inferior caché, procederase a descontar do prezo de adxudicación a diferenza.

4.- O adxudicatario deberá realizar a instalación e montaxe de todo o necesario -(excepción feita do valado e dos grupos xeradores para subministración eléctrica que serán achegados polo Concello-), co fin de dotar ao espazo onde se desenvolverá a actividade, de luces e de equipos técnicos de son.

5.- Formalizar os correspondentes contratos con todos os artistas, representantes ou responsables das galas, actuacións, técnicos, etc, de acordo coa normativa vixente. O Concello non terá relación xurídica ningunha con estas persoas ou empresas, nin asume responsabilidade algunha nin relación con estes contratos, e non aboará a estas directamente os seus servizos, senón ao adxudicatario deste contrato.

6.- Garantir o cumprimento íntegro de todos os concertos programados, nese caso, os Grupos e Orquestras deberán de ter todo o equipo montado e listo para o seu funcionamento, cunha hora de antelación ao comezo de cada actuación.

7.- O adxudicatario será responsable de calquera dano que puidese causarse en bens de propiedade municipal, ben por conduta propia de calquera dos membros das Orquestras ou Grupos Musicais actuantes, ou polo deficiente estado dos seus equipos técnicos.

8.- A seguridade e custodia dos equipos das Orquestras e Grupos Musicais durante a permanencia destes no recinto da actuación será da súa conta. O Concello declina todo tipo de responsabilidade pola súa perda, roubo, rotura ou deterioro de calquera tipo.

9.- O persoal dos servizos contratados deberá atender con toda corrección aos representantes do Concello cumprindo as súas ordes e proporcionándolles todos os datos que soliciten.

10.- Igualmente o adxudicatario obrígase a cumprir a normativa vixente en materia laboral, fiscal, de Seguros Sociais e contratación de persoal.

5.2.- DEREITOS DO CONTRATISTA

- 1.- Que se lle abone puntualmente o prezo do contrato.
- 2.- Utilizar os bens de dominio público necesarios para o servizo.

6.- SEGUROS

O adxudicatario virá obrigado, antes da formalización do contrato, a subscribir unha póliza de seguros que cubra a responsabilidade civil do persoal da empresa por danos a terceiros, así como un seguro de accidentes ou calquera eventualidade que suceda na execución do contrato e que deberá ser entregada ao Concello de Monforte de Lemos unha copia actualizada do mesmo.

7.- CONFIDENCIALIDADE

O contratista queda obrigado polo disposto na Lei Orgánica de 13 de decembro de 1999, de Protección de Datos de carácter persoal e o seu Regulamento aprobado por R.D. 1720/2007, de 21 de decembro. Igualmente serán de aplicación as disposicións de desenvolvemento das normas anteriores que se atopen en vigor á adxudicación deste contrato ou que poida estalo durante a súa vixencia. O contratista comprométese explicitamente a formar e informar o seu persoal das obrigacións que dimanan do establecido nesta cláusula e nas normas que nela se citan.

8.- INCIDENCIAS NA PRESTACIÓN DO SERVIZO

8.1.- No caso de falla de actuación dalgún dos artistas integrantes da Orquestra ou Grupo Musical no momento de subscribir o contrato e considerado polo Concello como de necesaria intervención, aplicaranse as seguintes regras:

-Se a ausencia fose comunicada ao Concello antes da actuación e a persoa proposta como substituto fose aceptada, o contrato subsistirá sen ningunha alteración.

-Se non existise tal comunicación, o Concello resérvase o dereito a rescindir o contrato ou a minorar proporcionalmente o importe dos honorarios correspondentes.

8.2.- En caso de atraso, por calquera causa, que faga imposible o comezo do espectáculo, como máximo unha hora máis tarde da prevista, non procederá o abono dos honorarios correspondentes.

9.- CRITERIOS DE NEGOCIACIÓN E PONDERACIÓN.

A adxudicación realizarase á oferta economicamente máis vantaxosa tendo en conta ademais do prezo outros criterios cunha valoración total de 100 puntos.

As ofertas valoraranse e, no seu caso, negociaranse, atendendo aos seguintes criterios, de acordo co establecido no artigo 150 e seguintes do TRLCSP, coa puntuación e metodoloxía que a continuación se relaciona:

- 1º.- Oferta económicaata 50 puntos.
- 2º.- Calidade artística das actuacións musicais e organización e funcionamentoata 47 puntos.
- 3º.- Melloras sen custo para esta Administración.ata 3 puntos.

1º.- Oferta económica, 50 puntos ("Sobre 3")

A valoración da oferta económica efectuarase asignando a máxima puntuación á oferta máis baixa. O resto das ofertas puntuaranse proporcionalmente con respecto á mesma, aplicando a seguinte fórmula:

$$P = \frac{\text{Prezo da oferta máis baixa}}{\text{Prezo da oferta a valorar}} \times PM$$

Prezo da oferta a valorar

P= Puntos da oferta a valorar.

PM=Puntuación máxima asignada á oferta económica en cada licitación.

As operacións co orzamento de licitación e as ofertas económicas que procedan realizaranse excluindo o IVE, e en todas elas computaranse co redondeo a dous decimais.

No caso de que se exclúan ofertas do procedemento licitatorio por ser consideradas como desproporcionadas ou temerarias ou outras causas, eliminaranse tamén para o cálculo da valoración da oferta económica, realizando as operacións coas admitidas.

2º.- Calidade artística das actuacións musicais e organización e funcionamento, 47 puntos (“Sobre 2”).

Valorarase a calidade artística das actuacións ofertadas, tendo en conta criterios tales como os medios técnicos e de todo orde achegados, a relevancia ou coñecemento público dos mesmos, así como a mellor adecuación da programación ofrecida ás necesidades municipais en función das diferentes actuacións a desenvolver durante os días que se celebrarán as festas. Deberá achegarse a presentación de fotografías das orquestras, folletos con datos técnicos das mesmas, catálogos, así como unha explicación clara das características de cada unha delas. En todo caso, deberá de indicarse os días da actuación das distintas actuacións (grupos/orquestras).

Atribuirase a mellor puntuación á oferta que se considere con mellor calidade artística e que no seu conxunto se adapte mellor ás necesidades municipais. Ao resto asignaráselle os puntos que proporcionalmente lles correspondan pola súa diferenza coa mellor oferta, e correspondente ponderación e contraste entre todas as presentadas.

3º.- Melloras, 3 puntos (“Sobre 3”)

Sempre que se avalíen economicamente na oferta e se considere que van repercutir efectivamente na mellor prestación do servizo.

O Concello resérvase a facultade de valorar as melloras presentadas. Excluiranse aquelas que non veñan valoradas, aquelas que se considere que non estean debidamente valoradas, as que non acheguen nada á prestación do servizo ou esta Administración dispoña de medios suficientes máis adecuados.

Valorarase con 3 puntos á empresa que oferte maior importe nas melloras propostas e admitidas. O resto valorarase de xeito proporcional inverso.

En caso de empate na puntuación total adxudicarase sucesivamente ás mellores puntuacións que a continuación se relacionan:

1º.- Calidade artística das actuacións musicais e organización e funcionamento.

2º.- Oferta económica.

3º.- Melloras.

4º.- Se persistise o empate a adxudicación realizarase por sorteo público.

11.- PAGOS AO CONTRATISTA.

O pago realizarase previa presentación da factura expedida de acordo coa normativa vixente, e coa conformidade da mesma polo órgano municipal competente, nos termos sinalados no artigo 216 TRLCSP.

12.- RESPONSABLE DO CONTRATO.

O órgano de contratación poderá designar un responsable do contrato ao que corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Monforte de Lemos, 26 de xuño do 2014

O técnico de cultura,

